

DESENVOLVEMENTO LOCAL  
E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA  
DELEGADA DA ÁREA DE EMPREGO, FONDOS  
EUROPEOS, PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE,  
EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDE

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 20750-77

### INFORME-PROPOSTA

A Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude ten delegadas as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; deseño e dirección das políticas activas de emprego, determinadas polas Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados.

Para o desenvolvemento destas actividades, a concellería realiza diversas convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego a través do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que van dirixidas a entidades beneficiarias e que, na maioría dos casos rematarían o vindeiro 31 de agosto de 2024.

Tal e como ven sucedendo de xeito reiterado nos últimos anos, a carencia de persoal especializado nas entidades beneficiarias, motiva que a xustificación destas axudas sexa moi deficiente, o que está a supor demoras no envío das xustificacións e polo tanto, no incumprimento dos prazos establecidos pola Intervención Xeral Municipal para o peche da entrega de documentación.

A formación deste contrato non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de actividades en anos anteriores e por tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
  - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
- ...

Conforme a INSTRUCIÓN 1/2014 da Intervención Municipal acerca da aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, con relación ao expediente de contratación, que dan lugar á continuidade de actividades de fomento xa establecida en exercicios anteriores, e que se veñen desenvolvendo no servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 08:34	Páxina 1 de 3
20750-77	CSV: AEAH57-38A7DD-C3CBBB-RQV8YP-WGH7A1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

DESENVOLVEMENTO LOCAL  
E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E  
CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE  
ECONOMÍA, FONDOS EUROPEOS,  
PATRIMONIO E EMPREGO

CONCELLO  
DE VIGO



### INFORME-PROPOSTA

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Este contrato ten por obxecto a prestación de servizos de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego, co que se trata de:

1. Mellorar e axilizar os procesos de xustificación das axudas.
2. A mellora no seguimento e control das axudas concedidas destinadas ao fomento do emprego, na cidade de Vigo.
3. Por a disposición das entidades, recursos, formación e servizos, que permitan mellorar a calidade da tramitación das axudas.

1. Natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado.

A través deste contrato se pretende satisfacer as seguintes necesidades:

- Mellorar a calidade das xustificacións das axudas por parte das entidades.
- Cumprir os prazos establecidos para a rendición das subvencións ante a intervención municipal.
- Ofrecer un servizo de apoio e asesoramento ás entidades beneficiarias, de xeito telefónico e por internet, por parte de persoal técnico con experiencia na tramitación de subvencións.
- Realizar un seguimento e control do cumprimento do establecido nas bases da convocatoria e na resolución das mesmas

Xa que logo, esta Concellería, é consciente da importancia que debe ter o fomento do emprego na vida pública local, mediante a creación dun marco de cooperación entre o Concello de Vigo e o tecido económico e social que permita a creación e consolidación do emprego mediante convocatorias públicas de axudas.

2. Idoneidade do obxecto e contido para satisfacer devanditas necesidades de modo preciso.

A prestación de servizos de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego, a través das execución das tarefas que se pretenden co contrato proposto, precisan dunha alta especialización no traballo de control do cumprimento das bases reguladoras das convocatorias, tanto no relacionado coa xustificación das axudas, como do cumprimento das obrigas establecidas.

O presente contrato foi remitido a través do documento núm. 230308909, para a súa inclusión na Planificación municipal da contratación do servizo de Desenvolvemento Local do ano 2024. A súa anualidade media coincide coa do contrato vixente: non (na presente data, non existe contrato vixente co



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 08:34	Páxina 2 de 3
20750-77	CSV: AEAH57-38A7DD-C3CBBB-RQV8YP-WGH7A1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

DESENVOLVEMENTO LOCAL  
E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA  
DELEGADA DA ÁREA DE EMPREGO, FONDOS  
EUROPEOS, PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE,  
EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDE

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 20750-77

mesmo obxecto que o que se está tramitar neste expediente).

Por todo o anteriormente exposto, de conformidade co art. 116.1 e D.A.2ª.4 da LCSP, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados., elévase á A Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Iniciar o expediente administrativo núm. 20750-77, para a contratación de servizos de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego.

rom

A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local  
(Resolución de 11/04/2022)  
Carla Candia Paz  
Data e sinatura dixital.

#### DECRETO

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade coa mesma.

A Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.- Elena Espinosa Mangana. (Resolución de Alcaldía de 19/06/2023, BOP núm. 124, de 28 de xuño de 2023 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22/06/2023, BOP núm. 129, do 5 de xullo)

DOU FE, A Secretaria do Goberno Local. Susana Gallardo Fariña. Data e sinatura dixital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/08/2024 08:34	Páxina 3 de 3
20750-77	CSV: AEAH57-38A7DD-C3CBBB-RQV8YP-WGH7A1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		